

# Andares *por* Galicia

A cultura da natureza • 2019



Sáidas e rutas culturais pola nosa comunidade autónoma co fin de dar a coñecer, protexer e revalorizar a natureza e a nosa contorna como patrimonio cultural.



**Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



# Andares *por* Galicia

## A cultura da natureza

2 MARZO

### RUTA POLA COSTA DA VELA E ENTROIDO DE COBRES

- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 170 km
- Lonxitude: 12 km • Dificultade: media-baixa
- Ruta de sendeirismo (mañá) + visita cultural Entroido (tarde)

#### PUNTOS DE INTERESE

**Ruta pola Costa da Vela (Cangas):** Faro de Donón, Monte Facho (castro e vistas), Escultura A Buguina, ZEC Costa da Vela, Vistas panorámicas sobre o Parque Nacional das Illas Atlánticas (illas Cíes e Ons), Furna de Basudriños, Cabo Home, Faros de Cabo Home e punta Robaleira, Praias de Melide e A Barra, Antiga instalación baleeira de punta Subrido

- VISITA CULTURAL: Entroido de Cobres (declarado de Interese Turístico de Galicia)




27 ABRIL

### RUTA DA AUGA DE GUITIRIZ

- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 59 km
- Punto inicio: San Alberte • Punto final: Pardiñas
- Lonxitude: 19,6 km • Dificultade: baixa

#### PUNTOS DE INTERESE

Capela de Santo Alberte (camiño Norte de Santiago), A fonte da Fame, Río Parga (ZEC Parga Ladra-Támega), Balneario de Guitiriz, Área recreativa de Sete Muíños, Balneario de Pardiñas, Fonte de Valdobin, Pobra de Parga (campo da feira, ruínas do castelo), Muíño de Parga, Pazo do Marqués de Camarasa, Xosé María Díaz Castro (poeta de Guitiriz - Letras Galegas 2014), Reloxo de sol (analemático) de Guitiriz



25 MAIO

### RUTA ARQUEOLÓXICA DE BORNEIRO E DOMBATE

- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 55 km
- Punto inicio/fin: A Carballa (Cabana de Bergantiños)
- Lonxitude: 18 km • Dificultade: media

#### PUNTOS DE INTERESE

Miradoiro da Fernandiña, Castelo de Borneiro, Aldea de Borneiro: arquitectura tradicional (hórreos, eiras...), Capela e área recreativa do Briño, Cruceiros, Dolmen de Dombate, Castro da Cidá de Borneiro, Muíños de río, Bosque de ribeira, Rego dos Muíños do Roncaadiro, Enseada de Lodeiro, Estaleiros tradicionais, Paseo litoral da Enseada da Insua, ZEPA Costa da Morte (Norte), Observatorio de aves de Rabuñal, Terras de Pondal (referencias da súa poesía)

- VISITA CULTURAL: Centro arqueolóxico Dolmen de Dombate.



15 XUÑO

### RUTA DO OLIMPO CELTA: DO MONTE PINDO A CARNOTA

- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 102 km
- Punto inicio: Fieiro • Punto final: Carnota
- Lonxitude: 18,5 km • Dificultade: media-alta

#### PUNTOS DE INTERESE

Fervenza do Ézaro, ZEC Carnota-Monte Pindo, Miradoiro de Louredo e Parque escultórico de Nando Lestón, Macizo granítico do Pindo (A Moa), Historia xeolóxica do monte Pindo, Os maquis e o monte Pindo, A cova da Xoana, Castelo de Penafiel, Xigante da Mina, Onde se Adora, Muíños de Vadebois, Boca do río, Praia de Carnota, Hórreo de Carnota

- VISITA CULTURAL: Centro de interpretación das Rutas do monte Pindo ou Visita ao taller do Ceramista Nacho Porto



21 SETEMBRO

### RUTA POLAS TERRAS DO MARISCAL PARDO DE CELA

- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 141 km
- Punto inicio: San Martiño de Mondoñedo • Punto final: Castrodouro
- Lonxitude: 16 km • Dificultade: media

#### PUNTOS DE INTERESE

Basílica de San Martiño de Mondoñedo, Castelo-fortaleza da Frouseira, Miradoiro da Frouseira, ZEC Río Ouro, Bosques de ribeira, Ponte da Seara, Finca Galea, Castelo de Castrodouro

- VISITA CULTURAL: Visita ao Centro de interpretación da Basílica de San Martiño de Mondoñedo



19 OUTUBRO

### RUTA POLO PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO

- Distancia ao punto de inicio desde Oleiros: 130 km
- Punto inicio: Aguiño • Punto final: Faro de Corrubedo
- Lonxitude: 16 km • Dificultade: media

#### PUNTOS DE INTERESE

Porto de Aguiño e O Carreiro, Porto da Covasa e fábricas de Salazón, Punta de Couso, Parque natural de Corrubedo (ZEC, ZEPA, Sitio Ramsar), Castro de Porto de Abaixo, Lagoa de Vixán, Muíños de Amendo, Túmulo e mina de Pipin, Lagoa de Carregal, Duna móbil de Corrubedo, Corrubedo (aldea mariñeira. Arquitectura moderna), Faro de Corrubedo

- VISITA CULTURAL: Centro de Visitantes do Parque natural de Corrubedo



# Andares *por* Galicia

## Obxectivos

- Descubrir as características máis importantes a nivel natural, social e cultural das zonas que visitemos e xerar conciencia de coidado e protección do patrimonio natural e cultural.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo de participantes nun ambiente aberto e favorecer hábitos saudables de ocio no medio natural.

## Características das saídas:

- Todas as saídas contarán con 2 monitores/as especializados/as e están dirixidas a persoas maiores de idade.
- Ofértanse 40 prazas para cada unha das saídas, con preferencia para persoas empadroadas no Concello de Oleiros.
- Todas as saídas serán en sábado, con saída prevista de Oleiros sobre as 8.00 da mañá e volta a última hora da tarde.
- O xantar e as bebidas das persoas participantes do conxunto das actividades correrán pola conta de cada quen.
- As datas previstas inicialmente poderán sufrir algunha variación ao longo do desenvolvemento do programa e as distintas saídas poderán ser anuladas individualmente por circunstancias debidamente xustificadas.
- Recoméndase roupa axeitada e cómoda e calzado específico para a actividade de sendeirismo, auga, gorro ou gorra, crema solar, bastón/s (opcional), e froita ou froito secos para levar na mochila durante a ruta.

## Información e inscricións no Departamento de Cultura

A Fábrica. Rúa do Inglés, nº 13 - 15172. Perillo (Oleiros)

Tel.: 981 636 598 - 981 610 000 / Ext.: 4915 e 4916

r.caparros@oleiros.org - cultura@oleiros.org

